



# nota de prensa

## **Veciñanza apoia e fai un chamamento a participar na folga feminista do 8 de marzo**

*Veciñanza súmase ás organizacións que apoian esta folga e fai un chamamento a participar na mesma nos catro espazos que sustentan a convocatoria: laboral, estudantil, de consumo e de coidados.*

Cuntis, 5 de marzo de 2018. O vindeiro 8 de marzo conmemórase o Día da Muller Traballadora e para este ano hai convocada unha folga internacional feminista en defensa da igualdade real e para visibilizar os numerosos ámbitos de discriminación da muller. Veciñanza súmase ás organizacións que apoian esta folga e fai un chamamento a participar na mesma nos catro espazos que sustentan a convocatoria: laboral, estudantil, de consumo e de coidados.

Son moitos os indicadores dos que poderíamos botar man para ilustrar as discriminacións: taxas de emprego e ocupación, fenda salarial (as mulleres en Galicia cobran un 22% menos que os homes), pensións (case 400 euros de media menos no caso das mulleres a respecto dos homes), etc. Poderíanse citar múltiples formas de opresión contras as mulleres nunha sociedade patriarcal, e a máis extrema sería a das violencias.

Esta folga plantéxase co obxectivo de visibilizar e cuestionar o papel das mulleres nos catro eixos principais da vida cotiá na nosa sociedade: os anteriormente citados laboral, estudantil, de consumo e de coidados. O sistema económico colapsaría sen o traballo cotiá de **coidados** realizado polas mulleres, invisibilizado e normalizado como tarefa feminina, sen peso nos indicadores macroeconómicos. Os gobernos poden reducir os investimentos nesta materia xa que este traballo é realizado polas mulleres a moi baixo custo, pero cun alto custe vital.

É unha folga de **consumo** para reivindicar a construción de estratexias de consumo alternativas que respecten os dereitos e as vidas das mulleres.

É unha folga **estudantil**, pola esixencia dunha educación pública libre de valores sexistas e heteropatriarcais dende os primeiros treitos da mesma.

É, por suposto, unha folga **laboral**. Ademais dos indicadores xa citados, nas empresas as mulleres teñen máis difícil o acceso a promocións internas, igualdade real en horas realizadas, categorías profesionais, etc.

**Veciñanza fai un chamamento a participar e apoiar a folga feminista, e demándalle ao Concello de Cuntis que promova e facilite a participación na mesma. Se paramos todas, paramos todo. Durante a última semana, promoveu unha campaña en redes sociais que incluíu a edición dun vídeo con motivo da convocatoria.**

